

Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación que están a vivir os emigrantes retornados de Venezuela a consecuencia da demora do Goberno dese país no pagamento das súas pensións (doc. núm. 37090).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos parágrafos, que terán o seguinte contido:

- O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a modificar o criterio de xestión e concesión das pensións non contributivas por parte da Consellería de Política Social mentres se dan as circunstancias expostas, para incluír a efectiva percepción doutra pensión sempre que o Imserso adopte este criterio nas súas instrucións.
- O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a axilizar o protocolo especial para a atención integral das galegas e galegos retornados de Venezuela.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/10/2018 17:41:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 17:43
Nº Rexistro: 38830
Data envío: 16/10/2018 17:43:50.065

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2018 17:42:08

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003003 (37226)**, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun Plan plurianual de dinamización do uso da lingua galega na Administración de Xustiza para o período 2019-2022

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta ao goberno galego a continuar promovendo as actuacións necesarias para garantir a cooficialidade das dúas linguas na Administración de xustiza en Galicia e en particular que a cidadanía poida empregar nas súas relacións coa Administración de xustiza a súa lingua habitual, no actual escenario que as disposicións normativas teñen establecido.

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2018 17:45:54

César Manuel Fernández Gil na data 16/10/2018 17:46:22